

Alquimia poética na Casa de Galicia

Ana BALSEIRO



O tándem Alfonso Sobrado Palomares-Vicente Araguas fixo chover poesía na Casa de Galicia. Verso tras verso, olorosa choiva torrencial de filigranas de métrica e ritmo, aínda máis perfecta -se cabe- nas voces dos seus creadores, o outono converteuse en lírica en Madrid. Non en van, o periodista ourensán e literato de raza que é Palomares anunciou, cando xa hai algo máis dun ano que asumiu a dirección da Casa de Galicia, a súa intención de convertela nun espazo vivo, onde a cultura latexase de continuo, inundando todos os espazos deste privilexiado enclave, ás costas do Museo do Prado.

E así, nunha nova edición do frutífero traballo conxunto que xa fixeran noutra época, concretamente a través da revista *Leer*, Palomares e Araguas deron vida ás “Estacións poéticas”, unha cita mensual fixa coa “máis perfecta de todas as palabras, a dos poetas”, como a ela se refiriu na sesión inaugural Ramón Jiménez, responsábel de actividades culturais da Casa de Galicia. Deste modo, dende o 25 de outubro e con puntualidade

exquisita —ás oito da noite—, sucédense unha vez cada mes unhas veladas literarias que suman, sesión tras sesión, a un meirande número de público.

Araguas, escritor e crítico literario, explica a nacemento das “Estacións poéticas”, sinalando que, “por primeira vez na Casa de Galicia, onde houbera con anterioridade actos poéticos máis aillados, agora celébranse cunha liña coherente e lóxica que está funcionando moi ben”. O numeroso público que, mes tras mes, se suma aos recitais, así o amosa: “Temos un auditorio xa consolidado, o que demostra que, se lle das calidade, a xente súmase. E nestas veladas poéticas hai variedade e calidade. Están entrando autores de todas as liñas poéticas con vixencia e, por suposto, mulleres, porque a poesía segue sendo un pouco patriarcal, malia que na actualidade, as voces poéticas galegas de maior proxección son precisamente femininas”.

Yolanda Castaño, Fermín Bouza, Miguel Anxo Fernán-Vello, Manuel Pereira, Estibaliz

Espinosa, Arcadio López-Casanova, Manuel Rivas, Maite Dono, Manuel Vilanova, Luz Pozo, Luz Pichel, Luis González Tosar, Xosé María Álvarez Cáccamo, Alfonso Armada, Luisa Castro... Todos forman parte dunha “colleita” poética que non deixa de medrar na Casa de Galicia.

Ventos, follas secas, cinza, sangue, choiva, herbas, recordos, beizos, bágoas, lúas, corpos e almas... Palabras latexo, florecido, revoado e ardido a través do percorrido dun tren cun maquinista de excepción, o propio Araguas. Comezando con *Do outono preciso*, para continuar con *Do outono lilán* e pechar a primeira estación —tanto poética coma temporal—, como non podía ser doutro modo, con *Do outono vencido*, Araguas debuxou para cada unha das citas poéticas o escenario máis amplo e representativo posíbel da lírica galega, pois, como el mesmo comentaba, non só se trataba de incluír no cartel a unha poeta, senón tamén de facer de cada cita un percorrido por diferentes xeracións das letras galegas. E, por suposto, sen esquecer xamais aos poetas galegos en Madrid, “coidalos”, en palabras do maquinista e mestre de cerimoniais.

Fermín Bouza, Miguel Anxo Fernán-Vello e Yolanda Castaño foron os encargados de “encetar a boroa” da poesía un chuvioso 25 de outubro. *Do outono preciso* deixaba no aire unha mestura de humor, diversión e emoción contida, fiel reflexo do bo facer de Vicente Araguas como condutor dunha máquina que, en ocasións, pasou do romántico vapor ao tren bala. “¿Cantos cartos aforran en psicólogos os poetas escribindo?”, preguntaba Araguas a Fermín Bouza, que respondeu cunha pequena lección maxistral sobre a lírica: “O importante da poesía é o que queda no fondo. Un vai deixando as neuroses nos versos”.

E Bouza tiña razón, o importante da poesía é o seu pouso, o que trascende mesmo á comprensión, á tradución innecesaria, ao corpo das propias palabras, convertidas en seres vivos... Non todos os asistentes aos recitais comprendían o galego —incluso nalgunhas ocasións, os poetas, por deferencia co auditorio, declamaron en castelán— pero o espírito conquistador da lírica arregoizou por igual todas as peles. Comprender volveuse innecesario ante a arroiadora presenza do sentimento que anoaba gorxas. Porque as *Estacións poéticas* probaron que todo, sen excepción, pode ser arxila para versos: dende o esquizo ao sufrimento, dende a perda das raíces aos amenceres ou o horizonte, o azucre, o propio corpo, a vida allea, a morte ou os videoxogos...

Sen abandonarmos a primeira cita *Do outono*, xunto ao humor de Araguas e a instantánea en sepia da voz grave e radiofónica de Bouza, Yolanda Castaño e Miguel Anxo Fernán-Vello completaron a tríada poética. Ela, a autora do *Libro da egoísta* ou de *Vivimos no ciclo das ero-fanías*, coa súa decidida aposta pola lírica como maneira de vivir, converténdose a si mesma en materia poética; e el, alma máter de Espiral Maior, no seu dobre rexistro de escritor e editor, en constante loita por democratizar a poesía, esixindo “rigor poético” pero abrindo as portas aos creadores novos, como explicou a unha pregunta de Araguas.

As paradas do tren da lírica fóronse sucedendo. “Un vagón de luxo, un de cercanías e outro pertencente a un tren bala”, así presentou o maquinista a Arcadio López-Casanova, Manuel Pereira e Estíbaliz Espinosa, os protagonistas da segunda estación de outono. Tres rexistros moi diferentes para un único corazón de verso co que o salón de actos de Casado del Alisal se tinxiu de galego.

Na voz, en ocasións áspera, de López-Casanova, os seus poemas sobre a marcha, a perda da terra, o abandono e o exilio, fixeron sufrir ao auditorio en carne propia a dor da partida, mentres que Pereira, debullando versos coma se os recitara ao oído dunha única persoa, despregou unha alquimia quen de transformar en poema dende os estantes das librarías de vello ata as cidades, convertidas en paraíso pola maxia dos amantes. A banda sonora púxo a voz sobrecolladora de Estíbaliz Espinosa, cun *Desafinado* co que impactou ao público. Francotiradora do verso, como se definiu, Espinosa, a través de poemas con títulos tan suxerentes como *Suspense*, *Azúcar* ou *Nintendo*, rubricou a pretensión última de quen escribe, “seren inmortais”.

Outro trío de ases da lírica, Maite Dono, Manuel Vilanova e Manuel Rivas, foron os encargados de despedir o outono dende o apeadoiro da poesía galega. Ao recital de decembro, éxito absoluto de público, sucedulle o que supuxo a estrea da nova estación, *Do inverno encetado*. A relación emocional coas palabras levou a Vicente Araguas, de novo condutor da noite, á lareira da súa infancia, “cando miña nai dicía aquilo de imos encetar este pan, dorado, de maízo”. Así, a Casa de Galicia “encetou o frío do inverno” á calor das palabras douradas, coma o pan de millo, de Luz Pozo Garza, “a grande dama da nosa poesía”, como a presentou Araguas, para engadir que “é imposible maior sentimento poético nun DNI. É a nosa Ella Fitzgerald”.

González Tosar, que se autodefiniu como “poeta recastado, entre o gauchesco e o telúrico”, deu lectura á súa *Poética*, da man dun revivido Blanco Amor co que mantiña un diálogo sobre o oficio do poeta e a escrita. E se Luz Pozo abriu a noite, outra Luz, Pichel, foi a encargada de pechala. De voz envolvente e mol, a gañadora do Esquíu, baleirou o baúl das súas emocións e dos

seus vencellos afectivos, transmutados en materia poética, coa que bordou letreiros de versos, non nas camisolas das súas fillas e amigos, senón na pel da alma de quen gozou desa primeira estación de inverno. Foi o 24 de xaneiro. Dende entón, na Casa de Galicia, tras do Prado, segue caendo, torrencial, a choiva da poesía; multiplicándose, caleidoscópica, a voz dos alquimistas da palabra.